CA
NA

FSN.Ms.22

49

Jules de Mun Rieux.

(A. Loudé)

Álbum

que el
autor
M. V.
dedica
á sus
hermanas.

1865.

A_lá_lás.

1

Meu amor, meu amoriño,
¿onde estás, que non te vexo?
Mórrome de süidades
e dia e noite en ti penso.

Süidades dánme os campos,
as viñas xa vindimadas
e os paxariños cantando
nas tardes e madrugadas.

Coidarán que, porque canto,
en min alegría hai;
pra min a alegría foise
e choro ò meu aiaiai.

Con él eu soño de noite;
era el solo o meu placer,
e louca me volverei
se süa non podo ser.

De ti louxe non mais, non;
punt' á ti, punto-los dous,
onde entrambos nos criamos
e o noso amor comezou.

Amantiño, corre, corre;
meus brazos aqui t'agardan
e hasta ti os estendera,
se soupese que chegaban.

¡Ai quen ch'anduriña fora,
anduriña da outra banda,
que ò meu amor un suspiro
no piquiño lle levára....!

Adagio
Amoroso e flebile.

Na al ma se me cla yo u a ra ís do teu gue re r e Men tras nó mum do si si re ou troa mor mun hei de te r e



Adagio — Amoroso e flébile.

(Es la misma melodia anterior con acompañamiento mas sencillo).

Na al ma se me cla vo u a ra is do teu que

re r e Men tras no mun do si si re

tremol

on troa mor non hei de te

tremol

r e

Anque paso e non che falo,
non te deixo de querer;
fágo-o d'intento, meu ben,
por non o dar á entender.

A raya do sol, meniña,
na tua cama vai dar.
¡Que moito, pois, que t'eu busque,
cando t'o sol vai buscar...!

Moito me gustas en todo;
moito me gustas, meniña.
¡Malhaya o meu pouco ter,
que, senon, ti foras miña!

Se longe de min te vás,
Prendiña, ¿qu'hei de facer...?
– Por todas partes chorar,
coidando pá non te ver.

¡Canta rula, canta rula,
alá se doi naquel souto...!
¡Coitadiño do qu'espera
po-lo qu'está na man d'outro...!

A muda non te me fagas
nin me digas "eu que sei"
dime que si ou que non,
qu'e o mais honrado e de lei."

– Mi padre dice que si
Ñamadre, "p'o pensarei";
mais quen se casa son eu
e eu, que non sempre direi.


Pa sei po la tu a por tae, er guen dos o llos, te
vi n e Non che pu den de cir na da, non sei
co mo non mor ri n e

Adagio

(Es la misma Melodia anterior con acompañamiento mas sencillo)

Va sei po la tu a por ta e, er guen d'os o llos, te

pp

vi n e. Non che pu den de cir na da; non sei

dolce tremol

co mo non mor ri n e



Nena qu'estás na ventana
co- as puntas do pano fora,
non me namoro do pano,
que me namoro da dona.

Rosa Señora d' Abades
¿qu'ha de dar os seus vomeiros?
– Anguiña da sua fonte,
sombra dos seus castiñeiros.

Dáme viño, dáme viño;
anga non ch'a podo ver:
sonche d'esta condición
e con ela hei de morrer.

¿Que ten aquela meniña
qu' hoxe pálida suspira?
– Dregíntallo ti á ela,
mais poida que non ch'o diga.

O zapato, cando e vello,
tiran con el su a cama.
contigo asi fan, meniña,
desde que te ten enganada.

Casadiño, casa quere,
ò solteiro non lla dan,
o qu'ha de ser casadiño
ha de facer po-lo pan.

Dinme que non teño rentas
para manter la muller,
teño fariña n' artesa;
amasea, se quer comer.

Eu non sei qu'a qui me pi ca, can do a qui non ve xo to-

xos: Pi ca mea que la me ni ña, blan ca e ru bia,

cos seus o llos.

Teño un pesar como un puño;
xa ch'o direi outro dia:
cada un que non te vexo
morro de melancolía.

Na Misa estando un domingo,
mirache pra min e riche:
así á Dios lle parezas
o qu'a min me pareciche.

Debaixo da tua ventana
hai un talliño de vidro,
onde se sentan os guapos
que van á falar contigo.

A mazan que ti me deche
non a comin, nin a dei;
tráyo-a na falliqueira
por non che perde-la lei.

Miña nai, casade as fillas,
mentras ten bo parecer,
pois non son herbas do prado
que volvan á enverdecer.

Xuaniña doume unha rosa
e un caravel eu lle dei:
aquela rosa espiñoume
e o caravel lle quitei.

Ben pudera nun antoxo
do ten donaire gozar;
pero vexo qu' hai inferno,
non me quero condenar.

Andte - M -

A dios non, ti non m'o di gas qu'e che pa la

bra moi tris te e en tre dous que se ben que

ren cos ta ca ro des pe dir se

Cantinelas.

1.

Tarde vés, e non m'espanta,
que x'adoitas de tardar:
anga de moitos regueiros
e mala d'arrecadar.

Hai unha herba nos prados
que lle chaman violeta:
os mozos todos d'ahora
o que buscan è a lambeta.

C'o cariño non hai chanzas;
porque o cariño e ladron:
entroume un dia na casa,
rouboume o meu corazon.

¡Canto miras para min!
¡Canto me chosca-l-o ollo!
Teño moito que facer;
non podo atender á todo.

Olvidacheme por pobre;
eu á ti por vagabundo:
o dia que ti naciche
nacen a peste no mundo.

Verde caravel, na horta
votas por riba do muro;
asi dorme descansado
quen seu amor ten seguro.

A despedida che dou
con rosas e caraveles,
pois, segun vou entendendo,
a despedida ti queres.

Allo — V —

Moi to te pre cias, gua pi ño, d'e sa

tu a bo ni tu ra. Ha ch'a de co me-l-a

ter ra de bai xo da se pul tu ra.

2.

¡Ai de min, que sin ser tua
pa me queres reprender-!
¡Que farias, se o fora
e estouvese en ten poder!

Un anillo me dou Xan;
outro anillo me dou Pedro:
¿Como en hei de traballar
con dous anillos n'un dedo?

Se deixo por Pedro á Xan
non me rifés, miña nai:
Pedriño ten certo aquel
que moita gracia me fai.

Se veñes aqui por verme,
queridiño, Dios ch'o pague;
se veñes por outras cousas
rasgas zapatos en valde.

En querer quérote ben;
ocultalo ni è razon
e, asegun que te portares,
tera-lo meu galardon.

Unha palabra che dei
xunt'a fontiña do cura
e teño ch'a de cumplir,
ou nin eu nin haber lua.

Se caín, outras caíron;
á ti nada che roubei,
nin ch'importa que caíse,
s'á bó arbol m'agarrei.

Allo

S'e que vou à Pon te ve dra, non

e por ve- los sol da dos, qué por ve- la Pe le

gri na c-os seus pen den tes dou ra dos.

All.º

(Es la misma Melodía anterior en tono mas adecuado)

Si e que von á Pon te ve dra, non

e por ve-l-os sol da dos, quiè por ve-l-a Pe le

gri na cos sens pen den tes don ra dos.

Teño un amor que me cela;
outro que me dá diñeiro;
outro que me desengaña;
o ultimo e o verdadeiro.

Deixácheme, por ser fea,
e tra-l-a guapa te fuche;
non che me pesa; mais sabe
que no hai rosa que non muche.

A raís do toxo verde
e moi dura d'arrigar:
os amores xa de tempo
mal se poden olvidar.

Os amores d'outros anos
olvidaronme ben cedo:
estes que tomei ahora
para sempre me prenderon.

Para todo-l-o sol raya
e para min xa rayou
Nécia desventuradiña,
¡canto m'o sol engañou!

Eu caseime c'un velliño,
por decir que tiña hòme.
¡Válgate Xunca-l-o vello
que siquera a cama sòbe!

Fora casei; adios pòrta,
pòrtiña do meu quinteiro,
auga do meu salidiño,
sombra do meu laranxeiro.

cin co cos ti lli ños te ño de

di je ron te co lo ro e cin co a mo ras ta

men pa ra es co lle_l o mi lo ro

Amar á moitos á un tempo
è mala lei, è mal trato:
a nena que ten xa mozo
sabe onde apreta o zapato.

A tüa porta, meniña,
düas horas hai que chamo:
non naciche para amores
que te-l-o sono pesado.

María din que te chamas;
o apellido non o sei
vou á tua casa mañan;
ali ch'o preguntarei.

Meus ollos choran por verte;
meu corazon, por amarte;
meus pés, por chegar á ti;
meus brazos, por abrazarte.

Debaixo da tua ventana
sepultura debe haber
para enterra-l-os deseos
que teño eu de te ver.

Dixécheme onte que hoxe;
hoxe, dices que mañan;
mañan me dirás tamen
que ganas xa non che dan.

Eu ben sei á quen dixeche
que non me podias ver:
quen m'o dixo non ch'o digo;
mais fólgome de o saber.

N-

pu xen m'á xo ga-l- os nai pes c'un

ha se ño ra da vi la: pu xen m'á xo ga-l- os

na i pes pu xen m'á per de-l- a vi da.



O pouco que Dios me dou
cabe n'unha man cerrada:
O pouco, con Dios, ê moito;
O moito, sin Dios, ê nada.

¡Ai que piñeiro tan alto!
N'o medio tên mil enredos.
O galan de moitas damas
nunca está c'os ollos quedos.

¿Para que subes tan alto,
atrevido pensamento?
¿Para que tan alto subes,
se tês que baijar c'o tempo?

¿Para que ll'armas ô mêrlo,
onde ja tên outro armado?
-Chamalle tempo perdido
e mai-l-o corpo querbado.

¿Para que pasas cantando
e despertando á quen dorme?
-Para deijar soledades
á quen falarche non pôde.

O meu corazon che mando
c'unha chave pra o abrir.
Nin eu teño mais que darche,
nin ti mais que me pedir.

Alcipreste non se rega,
porque n'a lentura nace.
Amor firme non s'olvida
por mais martirios que pase.

Andantino. I. G. y A.

Un ha ma zan ber me lli ña pi ca

da d'un rei se ño re quen a pi con que a

ro za que lle le vou o mi llo re quen a llo re

1.a vez

2.a vez

Otras.

1.

A tüa nai xa llo dixen;
á ten pai voullo decer;
s'á ti non che dixen nada,
fai o que che parecer.
Adios &.

Amores ò lonxe, ò lonxe;
ò prèto calquera os tén;
canto mais ò lonxe, ò lonxe,
tanto mais lles quero ben.
Adios &.

Pasei o mar nunha dorna,
á pique de me perder:
Pasei o mar de Cambados,
queridiña, por te ver.
Adios &.

Se foses ti candiliño,
garabullo eu tamen fora,
torcidiña qu'en ti ardera
hasta que viñese a aurora.
Adios &.

Para ti estou mirando
cara á cara, frente á frente,
pero decirche non podo
o qu'o meu corazon sente.
Adios &.

Anque en min vés alegria,
conocerásme na cara
que, de portiñas adentro,
sabe Dio-l-o que se pasa.
Adios &.

Adios, adios, que m'embarco
na primeira embarcacion;
lévote, miña vidiña,
pra sempre no corazon.
Adios &.

Un al si ler ti me de che ou troal si ler ch'eu le ve i. S'o da do ben

che me gus ta, mais a in da o que rou be i. A dios, mo re ni ña, que

me von ma ñan... : ro pi ña do pe lo, qui pe ra a tua ma... n.



Non cisres en casamento
a tua sirliña futura;
mais, s'a muller ch'a trompesa,
agarra-a con dente e uña.

Falando &.

Nin das feas te namores,
nin te fies das bonitas,
qu'as bonitas son veletas,
as feas, moi pegadizas.

Falando &.

Non te cases con mais rica,
nin mais pobre que ti, Xan;
cásate, se pode ser,
c'unha da tua igualdá

Falando &.

Non busques nóvia na feira,
e menos na romaría;
busca-a na siña casa
vestida de cada día.

Falando &.

Non quero que t'emperrenches,
nin m'acuses d'estrevido;
déixame che diga solo
duas cousiñas ó oído.

Falando &.

Ser solteira non t'enfade,
nin ser casada t'engría,
qu'á moitas d'estar casadas
pásalles ó outro día

Falando &.

Se mal dixeren de ti,
non te votes á pensar;
pórtate ben, eso si,
e deixa ó mundo charlar.

Falando &

All.o vivo -

Uns cor ren pa ra Cas... ti lla, ou tros... pa ra Cá is se van... e so lo Dios e o que

sa be en don de a for tu na es tá... Fa lan do c'un ha me ni ña es mo re ci do que

dei a co llen me n'a sua ca sa e c'o a me ni ña ca sei.



Anduvéchete alabando
de sabe-lo men intento:
men peito non ten ventanas,
para observa-lo qu'hai dentro.
Haya &.

¿Como esperas que t'en queira
e que che teña aficion,
s'outro paxariño vóa
dentro do men corazon?
Haya &.

Dices que me queres, tanto
como o carballo ás suas follas,
inda non me queres moito,
cando comigo non soñas.
Haya &.

Os ollos con que me miras
non son os acostumbrados
e nieles che se conoce
qu'andan os tempos mudados.
Haya &.

Anque che son moreniña,
ciche do polvo da eira:
verásme para Domingo
como a rosa na roseira.
Haya &.

O carballo qu'e pequeno
tamen fai pequena sombra:
a rapaza qu'e bonita
poucpiño dote l'abonda.
Haya &

Olvidácheme por pobre
e non tiveche razon,
qu'amor pobre e leña verde
arden cando hai ocasion.
Haya &

Se por pobre non me queres
alexareime de ti,
qu'os pobres andan o largo
e en tamen farei así.
Haya &.

Non quero que mais me-falles,
nin mais te coides de min;
quero, si, fagas lembranza
do tempo que te servin.
Haya &.

O falarche, foi cantopo,
o quererte, fantasía;
non m'enredes cos teus contos;
pr'alcancei o que quería.
Haya &.

Andte

S'á fal ta d'ou tros a mo res, mo ci ño, me vés á ve r

Eu fal tas non, non, ch'as su plo; xa me po des en ten de r: va ya un sa le ro

va ya, va ya un que re r; va ya un ha ne na her mo sa, pra s'un per der

Andte

(Es la misma Melodía anterior en tono mas bajo)

S'á fal ta d'ou tros a mo res, mo ci ño, me ves á ve re

en fal tas non non, ch'as su plo; xá me po des en ten de re; va y'un sa le ro

va ya; va y'un que re re va y'un ha ne naher mo sa pra s'un per de re



Dáme da pera que comes;
da mazan, un anaypiño;
dáme da boca unha fala;
do corazon, un cariño.
Jesús &.
Anga do Pilar da Ermña,
anga de lindo beber:
quen amores ten ò lonxe
mais lle valera n'os ter.
Jesús &.
caravel da miña horta
Rosiña iba-o regar;
Rosiña ahora morreu,
o caravel vai secar
Jesús &.

Rapaciña, donch'os ollos;
tamen che me don os meus;
vaimos lavar ò regueiro,
onde a troita lava os seus.
Jesús &
Fun po-lo miniño d'abaixo
e volvin po-lo d'arriba;
s'o d'arriba tiña tranca,
o d'abaixo, carabilla
Jesús &.
Non vayas ò miniño, nena;
deixa anda-l-o tarabelo;
mira qu'esposte, se vás,
á caer nò garamélo.
Jesús &
Todo-l-os que contan ben
teñen entrada nò miniño
e en, como o fago mal,
miro po-lo buratiño.
Jesús &.

Allto

Ne na, que ven de las pe ras ¿ can tas che man da ron da re? Pa ra

ti, meu ga lan ci ño, non m'as man da ron con ta re Je sus que do lor, por so

loun cla vel, por so loun ha flor, can ti vo es tá quel ren di do d'a mor.

5

Se queres falar comigo,
olvida amoríos vellos,
que mal se mira unha cara
á un tempo en moitos espellos.
Meu amor &.
Aunque che ton moreniña
non che me pesa por eso;
na Feira todo se vende,
cada cousa vio sen precio.
Meu amor &.
Castoña dá o castiñeiro,
o carballo, landra sola;
cada un da do que ten,
asegun e a persona
Meu amor &.

A muiñeira, ¡que ben baila
aquel, garrido rapás..!
— Eche Xepe da Curréla,
o fillo do Sacristan.
Meu amor &
Ñamadre, non me casés
con home que viúdase,
qu'eu non quero criar pitos
qu'outra galiña chucase.
Meu amor &.
Chamáchame moreniña;
Blanquiña, vaite lavar;
dime que non teño amores;
inda ch'os podo emprestar.
Meu amor &
Tiros oyo n'aquel monte;
deben d'andar cazadores:
non hai fianza nos homes,
mayormente nos señores.
Meu amor &.

Allto

A som bra do li mo ei ro pu pen m'a con si de ra_r o pou

co que va le un ho me, can do non ten pa que da_r: Meu a mor n'a ca ma non o po do ir

ver; Ai Je sus que mor re, ai que vai mor rer!

All.to

(Es la misma Melodía anterior en tono mas bajo)

A som bra d'un li mo ci ro pú pen m'á con si de

ra re o pou co que va l'un ho me, can do non ten pá que

da re: Meu a mor n'a ca ma non o po do ir ver; si Je sus que mor re, ai que vai mor rer!



la

la

Fer ro car ril, ca mi no d'hièr ro

en el ya por vie ne mi dre ño vie ne mia mor. vie ne la pren da qu'a do ro yo

Allo

ff mas

Bo ti ca ri o el a gua ro sa da se vá a lláar

ri ba es tá mi ma da ma gre ya ó le, ó le o lé.

menos vitard

vitard =



Unha dixo, po-la liña,
"mira que paniño inglés"
Outra dixo, po-lo odre,
"mira que neno sin pés"
Xácome &

Alá po-la media noite
ven o marido d'Inés;
pan n'a unha, pan n'a outra,
pan levaron todas trés.
Xácome &

Unha puxo trinta ovos,
para cada unha dés;
outra puxo unha empanada
de trés cordos en traxés.
Xácome &

Outra dixo, po-lo viño,
"Comadre, ¿canto trouxerei?"
"Trai no mais cansado e medio,
para volver outra vés."
Xácome &

Allº-moltº-


El las e ran tres co ma dres e d'un bar rio to das tres, or de na ron de me
ren da pa ra ir ò San An drés Xá co me qué con el pe re gil con Dó mi ne có un
trís pi nis trás con Dó mi ne ó le o lé po la tua fé no son to d'Al ber to de Xan Se ru lé.



Cantar do pandeiro.

O pandeiro toca ben;
as ferreñas faulle o son:
vivan os qu'amores tén.

Vivan as mozas gallegas;
vivan as bonitas mozas
e os galans da nosa terra.

Mociños, á bailar todos;
meniñas, arriba, arriba:
ti tamen, meu furabolos.

Non t'asañes, non, rapás;
qu'as nenas son para ver;
os galans para mirar.

Cada un è pr'o que è:
o pan está pr'a fonciña...
Antoniño, saca o pé.

A rüada vaise armando:
Tiza, Pepa, ese candil,
qu'estan à porta chamando.

Virán chuscos (Dio-l-o queira)
ese chama no quinteiro
e os chuscos ven po-la eira.

Veña por onde quixere:
Toca, pandeiriño, toca,
mais que ch'o coiro rabée.

Estira a cófia, Maruxa;
dobra as mangas da camisa
e qu'o denguiño se luza.

Inés, sacude o mantelo;
puntéa ben, que ti ben sabes,
dalle ô brazo e punta os dedos.

Entra, meigo; non atruxes;
garda, Xan, as castañetas
e cóntame onde hoxe fuches.

Carmeliña de Mougan,
por causa de ti, Carmela,
¡Cantos ruidiños me dan!

As silveiras ten oídos:
amores disimulados
foron sempre os mais queridos.

O anilliño do meu dedo
heich'o de dar, queridiña;
heich'o de dar, que ch'o teño.

Vamos á rae-l-o pan;
ti levarás unha rosa;
e un caravel en ña man.

Voume deitar, dormir quero;
voume deitar á dormir,
que sempre de noite velo.

Repoliño castellano
¡Quan te me dera, repolo,
na miña horta plantado!

Somos primos, e mais bèn:
puntaremo-l-o diñeiro:
a dispensa logo vèn.

Vamonos d'aqui que horas
a todo-los namorados
vaiselle o tempo en parolas.

Adiós, meu paraben,
suspiros me fan a cama,
soledades me manten.

A bailar non sei dar volta;
ainda teño d'aprender
c'un galan da miña porta.

Cando quero canto ben;
non se me pon no camiño
arrodeos de ninguen.

Ti ere-l-o meu enredo;
contigo non oyo Misa,
nin sirvo á Dios como debo.

Para sardiñas, tomates:
para puntos, zapateiros:
para mentira-l-os pastres.

Deixat'andar, ja verémos:
o mundo da moitas voltas:
nos tamen asi farémos


Vá mo nos d'a
qui, meu
ben
que nos ti ran
de pe
dra
das;
e las do ai
re non
ven

Trigo limpo non o hai;
se querei algun centéo,
vai por él a cas meu pai.

—

Anga correndo, s'acaba:
Amor, que non é de gusto,
non pode ter vida larga.

—

A tüa pòrta rondeich'a:
ahöra que te casache,
a tüa pòrta deixeich'a

Muiñeiras.

V-

1ª

Can tan os - - ga - - los - - ò di - - - a, er te que ri - - - di - - ño e vá i te

i co mo m'hei d'ir, mi - - ña vi da, co mo m'hei d'ir e - - dei par te?

2ª

Meu a mor, mal po ca di ño, sem pre ven can do pe nei ro

Se vi ñe ra can do a ma so co me ri a bo lven tei ro.

M.

3ª

Non te que ro por bo ni ta, que va sei que non a os

Qué ro te por mo re ni ña e po la lei que me tés Qué ro

te por mo re ni ña e po la lei que me tés

Ótras.

1.a



3.ª

Por el autor



Noite - Boa

Preñada de nove meses
a Sagrada Reina á pé
camiña para Belen,
camiña con S. José
Válgame &
"Triste vás, mi esposo, dice,
y mal se alcanza, sabiendo
que ha de nacer esta noche
el universal consuelo."
Válgame &
"Esposo mio, es preciso
buscar albergue con tiempo,
que por instantes se acerca
la hora del Nacimiento"
Válgame &
"Ahora que hemos llegado
á un meson desconocido,
quiero llamar "¡Ah de casa!
abran á dos peregrinos"
Válgame &
"Cáten que dous pitanillos,
(dijo o bruto mesoneiro)
aquí non se da posada
á quen non traiga diñeiro"
Válgame &

Choran José e María,
dando suspiros ó Ceo
"¿Donde posada hallaremos
que acoja al divino Verbo?"
Válgame &
Oyense vos que decía
"Un paso mas hácia dentro
y en un portal en Belen
hoy será su Nacimiento"
Válgame &
Nun portaliño en Belen
pareu a Virgen María,
a lua e mais las estrelas
alumbrando a súa alegría.
Válgame &
Desperto-los paxariños,
celebran tan fausto dia
e na súa lengua pregonan
a pureza de María.
Válgame &

And.te maestoso.

Ca mi nan do yai Jo se ca mi nan do

yai Ma ri a yál ga me Nnes tra se ño ra y la

cla ri dá del si a.

Villancico.

Da mi ña al dé - - - a de pre sa ve ño con for tes ga - - - nas de ve-l-o Ne no.

Meu pe que ni ño á ti m'a che go, pois de ser vir te gus to te ño.

Mi ña xo i - - - ña, ¡ co mo te ve xo to do en coi ri - - - ño co llen do o fres co!

Moi to es ti. má ra bar ch'un bó lei to, por que se pen sas pa sa-l-o in ver no ne se pe

se-- bre non le va pei to non le va pei-- to non le va pei-- to non le va pe-- i

to

Ani-Novo.

Catro mancebos pintiños,
agui pintiños estamos
e, tan cansado-t-os catro
qu'e preciso alimentarnos.

De moi ben lompe ya vimos;
moito qu'andar inda falta;
as forzas piden reparo,
mollo as gorxas, e non d'anga.

Chourizos, pois, longaniza,
uña de porco, fuciño,
un de pamon duas tortillas,
con dous perriños de viño.

Abran a porta, señores,
que por honrados nos temos
e sabe Diosse pra outro ano
á porta lles cantaremos-

De cantar ya nos cansamos;
por pobres nun nos despredien,
que, s'algo os ricos nun dan,
os pobres mal se remedien.

Vivan e vivamos todos,
que para todos Dios don;
sandiña; cante o merlo,
adios ano qu'acabou.

Ami-nosso, benvenido;
pórtate ben para nos
e co-a pente d'esta casa,
qu'á todos nos crion Dios.

Andte maestoso. M.

Des pe di da d'a no ve llo, en tra di ñas

d'a ni no vo os se ño res d'es ta ca sa as con

ten con gran de go zo.

Os Reyes.

No claro ancho céo
luce este fanal,
por gracia divina
con lus celestial,
con lus que descende
ò santo logar.
Estrela lles dice
como o han d'atopar.
Herodes, ò velvs,
pregunta soberbio
"Qué venís buscando
por este mi Reino?"
e humildes contestan,
sin nada ocultar.
Estrela lles dice
como o han d'atopar.
Sabede, ò Herodes!,
Rey moi poderoso
qu'en busca nos vimos
de Nено asombroso
qu'en medio dos brutos
se quixo hospedar.
Estrela lles dice
como o han d'atopar.

Alá está Belen,
pobre e arruinado;
alá está en Belen
o portal sagrado
e o Nено garrido
que van à adorar.
Estrela lles dice
qu'ali s'há d'hachar.
Ali está María,
José, ali tamen
e o Verbo divino,
noso único ben,
nun trapiño envolto,
para presentar.
Estrela lles dice
qu'ali s'ha d'hachar.
Bodilla n'a terra,
a frente sumisa,
os Reyes l'ofrecen
incienso, ouro e mirra,
perfumes d'Arábia,
ant'él ò chegar;
Pois ali a estrela
os soupo guiar.

Es coi ten, se ño res, un ca so es ce len te, qu'os tres Re yes ma gos

se par ten d'O rien te ò Dios fei to ho me por ir a do rar. Es tre

la lles di ce co moohan d'a to par.

EX BIBL
FVN
2
COMPOS